



Experimentación con Descartes na Aula. Galicia 2008

*María José Vázquez Cancelo
IES Monte Neme. Carballo*

GRUPO NO QUE SE LEVOU A CABO A EXPERIENCIA

- 19 alumnos de 2º de bacharelato que cursan a optativa de Métodos Estatísticos e Numéricos. 8 son do Bacharelato de Ciencias Sociais e 11 do Científico-Tecnolóxico; destes 11 alumnos 4 non cursan matemáticas este ano.

CONDICIÓN DA AULA DE ORDENADORES E FORMA DE USO

- As características dos ordenadores de traballo son:
 - Intel Core 2
 - 1,86 GHZ, 1 GB de RAM
 - Sistema operativo: Windows Vista
 - Conexión a internet a través de ADSL
- Os equipos están colocados en dúas liñas paralelas, as mesas están colocadas a carón de dúas paredes e perpendiculares ó encerado. Os alumnos dunha liña séntanse de costas os da outra liña. O inconveniente é a proximidade dos equipos nas mesas que fai que os alumnos estean moi xuntos e case non teñan sitio para colocar o material. Non hai ordenador para o profesor polo que hai que utilizar o que este máis cerca da mesa do profesor ou ben un portátil.

RECURSOS AUXILIARES

- Fichas, para recoller o traballo dos alumnos.
- Encerado, para explicacións a todo o grupo.
- O programa de programación lineal "Prolin", para comprobar se o recinto e a solución atopada eran as correctas.